



## Como e cando facer as solicitudes dos cursos?

- Se opta por facer un curso organizado pola Consellería, será necesario presentar unha solicitude acompañada do documento de identificación fidedigno (DNI, carné de conducir ou pasaporte) e acreditar o pagamento das taxas correspondentes.

O impreso da solicitude pódese pedir na oficina agraria comarcal máis próxima ao seu lugar de residencia ou en calquera das outras unidades que imparten esta formación.

- Se opta por facer un curso cunha entidade colaboradora, deberá poñerse en contacto directamente con esta. Os contactos destas entidades pódense atopar na páxina web da Consellería no apartado de **Formación continua - Rexistro de prestadores de servizos de formación agroforestal**.

[http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/investigacion\\_e\\_formacion/formacion\\_continua/](http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/formacion_continua/)

**O prazo para facer as solicitudes dos cursos está aberto ao longo de todo o ano**



galicia

Para máis información

Oficinas Agrarias  
Comarcais

Centros de Formación  
e Experimentación  
Agroforestal

Servizo de Formación  
Agroforestal  
e servizos provinciais

[http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/investigacion\\_e\\_formacion/formacion\\_continua/](http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/formacion_continua/)



XUNTA  
DE GALICIA

# O USO DOS PRODUTOS FITOSANITARIOS



DL: C-70-2016

XUNTA DE GALICIA

# O USO DOS PRODUTOS FITOSANITARIOS

## Que son os produtos fitosanitarios?

Aqueles preparados destinados a:

- Protexer os vexetais ou os produtos vexetais contra as pragas e enfermidades (fitosanitarios preventivos).
- Evitar a acción das pragas e enfermidades (fitosanitarios curativos).
- Mellorar a conservación dos produtos vexetais.
- Destruír os vexetais indesexables ou as malas herbas (herbicidas).

## Quen necesita carné de usuario profesional?

Os produtos fitosanitarios clasifícanse como de **uso profesional** e de **uso non profesional**.

Para a utilización de produtos de uso non profesional (uso doméstico) non é preciso ningún tipo de carné. Existen actualmente rexistrados no mercado máis de 170 produtos de uso non profesional para os que non é necesario dispoñer de carné na súa aplicación.

Un **usuario profesional** é aquela persoa que posúe un carné oficial de manipulador/aplicador de produtos fitosanitarios, situación que o acredita para poder aplicar produtos fitosanitarios de uso profesional.

Para a distribución, venda, compra, manipulación e aplicación de fitosanitarios de uso profesional deberá contarse con carné de usuario profesional dos seguintes tipos segundo sexa o caso:

### Carné básico:

- Agricultores que realizan eles mesmos os tratamentos fitosanitarios na súa explotación independentemente do tamaño desta e de quen sexa a propiedade.

- Persoal auxiliar das explotacións agrarias que levan a cabo tratamentos fitosanitarios.
- Persoal auxiliar das empresas de servizos de tratamentos fitosanitarios.
- Persoal auxiliar do sector da distribución e venda de produtos fitosanitarios que manipule este tipo de produtos.

### Carné cualificado:

- Agricultores que contan con persoal auxiliar para levar a cabo os tratamentos fitosanitarios.
- Responsables dos tratamentos nas empresas de servizos de tratamentos fitosanitarios.
- Vendedores da distribución e venda de produtos fitosanitarios.

## A FORMACIÓN DOS USUARIOS PROFESIONAIS DE PRODUTOS FITOSANITARIOS

### Como obter o carné de manipulador de produtos fitosanitarios?

**Primeira emisión do carné.** Os usuarios profesionais interesados en obter o carné deberán ter superado o curso do nivel correspondente:

**Curso de carné básico:** 25 horas

**Curso de carné cualificado:** 60 horas

Ademais tamén existe a opción do **Curso Ponte Básico-Cualificado:** 35 horas, para persoas que queiran obter o carné de nivel cualificado tendo xa o carné de nivel básico.

Tamén hai a posibilidade de validación segundo a listaxe de titulacións que acreditan unha formación equivalente á que recolle o Real decreto 1311/2012.

**Renovación do carné.** Para obter a renovación do carné será preciso:

**Renovación do carné de nivel básico:** realización de un curso de formación de 5 horas de duración: 3 de contido teórico e 2 de contido práctico.

**Renovación do carné de nivel cualificado:** realización de un curso de formación de 7 horas de duración: 3 de contido teórico e 4 de contido práctico.

## Onde facer os cursos na Comunidade Autónoma de Galicia?

A formación na nosa Comunidade Autónoma pode ser impartida polas unidades da propia Consellería do Medio Rural ou polas entidades colaboradoras que estean autorizadas por esta Consellería.

- As unidades da Consellería do Medio Rural que imparten cursos son principalmente as oficinas agrarias comarcais e os centros de formación e experimentación agraria.
- As entidades colaboradoras son aquelas que están inscritas no Rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria.

Para coñecer as entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural pódese consultar no enderezo web

[http://www.medioruralemara.xunta.es/areas/investigacion\\_e\\_formacion/formacion\\_continua/](http://www.medioruralemara.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/formacion_continua/)

da páxina da Consellería no apartado de **Formación continua - Rexistro de prestadores de servizos de formación agroforestal**

**Comprobe que a entidade colaboradora coa que contacta está autorizada pola Consellería do Medio Rural**

